Boletín Informativo 12
DECEMBRO 2014




## Editorial



*"Traballamos na consecución dun futuro máis sostible para Sogama"*

Luís Lamas Novo
Presidente de Sogama

Ler máis...

## Entrevistamos a...



Bernardo Gallego
Ceip Sabarís, ganador "Recíclate con Sogama 2013-2014"

*"Un estudante motivado empeza por un mestre motivado"*

Ler máis...

## Mundo SOGAMA

### Galicia xerou menos refugallos en 2014



**A entrada de lixo en masa no complexo de Cerceda reduciuse preto dun 10% desde 2008. A día de hoxe, case se alcanzou un dos principais retos do plan autonómico de xestión de residuos urbanos 2010-2020.**

Se nos oito primeiros meses de 2012, os concellos adscritos ao modelo Sogama enviaron a tratamento 546.963,49 toneladas, no mesmo intervalo de 2013, a cantidade baixou ás 528.981,69; e neste 2014, a redución foi de 524.794,86 toneladas.

Ler máis...

## Actualidade

### Xornada sobre ecodeseño na CEL de Lugo

Coñecemos o gañador do concurso de fotografía ambiental

Curso online para a Policía Local e Autonómica

Visitas dos concellos adheridos á campaña de reciclaxe

Colaboración co XIII FIOT

Trece institutos adscritos ao "Recíclate con Sogama"

Máis de 250 centros participan en "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Medio milleiro de novos composteiros

En marcha a campaña "Aprovéitate do que che sobra"

Ler máis...

## Multimedia



### Fai un xoguete de papel!

Ver o 12º videoconto da familia Trebón...

### Xogos en liña sobre residuos

Ler máis...

### "Caderno Verde" na web do CENEAM

Ler máis...

### Sabes cales son as vantaxes da compostaxe doméstica?

Mira este vídeo...

## Eventos

- Foro sobre xestión de residuos en Monforte
- Día Mundial do Hábitat
- Día Internacional da Erradicación da Pobreza
- Día Mundial da Protección da Natureza
- XXI Festival Internacional de Cine do Medio Ambiente
- "Xaque nas aulas" nas escolas lucenses

Máis eventos...

## Receitario




### *Que comes hoxe?*

**Dámosche algunhas ideas!**

- Ñoquis de pataca con tenreira
- Sardiñas en escabeche morno con pataca ao vapor
- Cordón *Bleu* de redondo asado con pataca
- *Brownie* de froitas doces

Ver receitas...

Síguenos en...

www.sogama.es

XUNTA DE GALICIA

© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Editorial



**Luís Lamas Novo**
Presidente

## *"Traballamos na consecución dun futuro máis sostible para Sogama"*

**A piques de finalizar o exercicio, non quero desaproveitar a oportunidade que me brinda a Newsletter corporativa de Sogama para felicitar as Festas de Nadal ao conxunto da cidadanía. Tamén quero expresar o meu máis sincero agradecemento a todos os que seguen periodicamente o noso traballo e nos axudan a melloralo cada día.**

A piques de finalizar o exercicio, non quero desaproveitar a oportunidade que me brinda a Newsletter corporativa de Sogama para felicitar as Festas de Nadal ao conxunto da cidadanía. Tamén quero expresar o meu máis sincero agradecemento a todos os que seguen periodicamente o noso traballo e nos axudan a melloralo cada día.

Confeso que, para a Sociedade que presido, o 2014 foi un ano complexo no que tivemos que tomar decisións difíciles e impopulares, tales como a suba do canon. Esta foi unha medida absolutamente necesaria para asegurar a viabilidade do servizo público prestado pola empresa en Galicia e garantir deste xeito a sostibilidade do sistema. Farémolo grazas á mediación da Xunta e ás negociacións desenvolvidas no seu momento co Ministerio de Industria, permitindo que a reforma do sector eléctrico fose menos lesiva para os intereses da empresa e, en consecuencia, para os intereses do conxunto da poboación galega.

*Empezaremos o ano con boas noticias: baixando o canon que cobramos aos concellos nun 10 por cento*

A día de hoxe, e tendo en conta o difícil escenario no que nos movemos, podemos dicir que estamos satisfeitos da nosa xestión, así como da posta en marcha dun plan de acción empresarial que, afortunadamente, xa dou os seus primeiros froitos. permitindo o incremento de ingresos e a diminución dos gastos. É un plan que seguiremos impulsando na consecución dun futuro máis eficaz, eficiente e sostible para a compañía.

Menos xeración de residuos, máis reutilización, máis reciclaxe e menos vertido serán os nosos principais obxectivos no ano 2015; e os galegos, os nosos principais aliados na consecución dos mesmos. Recuperamos a estabilidade ansiada e necesaria para encauzar o noso traballo cara á novos retos cos que pretendemos mellorar a calidade de vida dos galegos, a nosa principal preocupación.

Confío e desexo para todos que o 2015 sexa o ano do cambio e da esperanza, do traballo digno, da innovación, da tolerancia, da solidariedade, da fraternidade e, por suposto, do medio ambiente, que, á fin e ao cabo, envólveo todo. Por todo isto, conseguir que o problema dos residuos se converta realmente nunha oportunidade para o crecemento e o desenvolvemento, será o noso gran reto.

Feliz Nadal e Próspero Ano Novo!

SUBIR

**Entrevistamos a...**
**Bernardo Gallego**
Ceip Sabarís, colexio ganador do "Recíclate con Sogama 2013-2014"

**Mundo Sogama**
Galicia xera menos refugallos

**Actualidade**
Xornada sobre ecodeseño na Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Concurso "A miña mellor foto ambiental do verán 2014"

Curso online para a Policía Local e Autonómica

Visitas dos concellos adheridos á campaña de reciclaxe

Colaboración XXIII FIOT de Carballo

Trece institutos adscritos ao programa "Recíclate con Sogama"

Máis de 250 centros participan en "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Medio milleiro de novos composteiros

En marcha a campaña "Aprovéitate do que che sobra"

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Entrevistamos a...



**Bernardo Gallego**

Portavoz do Colexio Sabarís de Baiona, gañador do programa "Recíclate con Sogama 2013-2014"

*"Conseguimos integrar o noso proxecto dentro do currículo de primaria"*

**Hai moitas claves para o éxito, pero dúas son, sen dúbida, as de maior peso: o traballo constante e a ilusión e implicación de todas as persoas que colaboran nunha tarefa. No caso do Colexio Sabarís de Baiona (Pontevedra) estes dous obxectivos cumpríronos de sobra. Tanto que o seu bo facer os levou a gañar o primeiro premio do programa educativo "Recíclate con Sogama 2013-2014". Profesores, alumnado e familias convertéronse nunha única comunidade que buscou o seu propio método para apostar sen tatexar polos 3 erres coa axuda de Sogama.**

**Por que decidiron no seu momento presentar a candidatura para participar no programa Recíclate con Sogama correspondente á edición 2013-2014?**
Cada curso escolar, o CEP Sabarís elixe unha temática que se vai traballar durante todo o ano, facendo diferentes actividades. No 2013-2014 o tema elixido foi "Vexetación". Queriamos relacionar a natureza coa acción humana en pro da súa conservación. Así que, unha vez soubemos que había un programa de innovación educativa relacionado coa reciclaxe e a protección do medio ambiente, non o dubidamos. Como eu xa tiña algo de experiencia por ter participado no programa "XOGADE", do Plan Proxecta da Xunta de Galicia, acabei sendo o coordinador.

**En que consistiu exactamente o seu proxecto e cales as actividades máis relevantes?**
O proxecto, nun principio, era moi sinxelo. Basicamente queriamos concienciar ao noso alumnado e ás súas familias sobre a importancia da recollida selectiva e da protección do noso contorno. Así, durante o curso traballamos na clasificación do lixo no colexio e no ámbito familiar. O profesorado implicouse moito e pouco a pouco foron xurdindo novos retos.

*"Se cres nun proxecto e vendes esa ilusión, o éxito está garantido. Todos se unen para formar un equipo gañador"*

Sempre que había unha ocasión especial, realizamos unha actividade. No Nadal, por exemplo, fixemos adornos con materiais reutilizados e puxémonos en contacto con dúas ONGs para recoller xoguetes e roupa. Desta forma reducimos e reutilizamos. Igual no Entroido, cando fixemos traxes con material reutilizado.

**De que actividade das realizadas está máis satisfeito?**
Sen dúbida, da que levamos a cabo co alumnado de 5º e 6º para integrar o noso proxecto dentro do currículo de primaria, tendo en conta os obxectivos e as competencias básicas. O traballo dividiuse en 6 fases sendo a primeira, por exemplo, a "Elaboración dunha enquisa para saber que familias fan recollida selectiva", que se corresponde con Competencia lingüística e de interacción co mundo. As seguintes fases foron analizar os datos,

SEGUIR LENDO...


## Editorial
Luís Lamas Novo
Presidente de Sogama

## Mundo Sogama
Galicia xera menos refugallos

## Actualidade
Xornada sobre ecodeseño na Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Concurso "A miña mellor foto ambiental do verán 2014"

Curso online para a Policía Local e Autonómica

Visitas dos concellos adheridos á campaña de reciclaxe

Colaboración XXIII FIOT de Carballo

Trece institutos adscritos ao programa "Recíclate con Sogama"

Máis de 250 centros participan en "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Medio milleiro de novos composteiros

En marcha a campaña "Aprovéitate do que che sobra"

## Multimedia

## Eventos

## Receitario


Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

## Entrevistamos a...




Alumnos do Ceip Sabarís con disfraces feitos con material reciclado

convertelos en gráficos, interpretalos coa axudas das TIC e enviar as conclusións ás familias. Xa o último paso foi o de "Feedback e avaliación final do noso alumnado", que tería vinculación directa coa competencia Aprender a aprender. Quen queira ver un resumo do noso traballo, pode entrar na web da escola ou no YouTube para ver o vídeo que fixemos titulado CEP Sabarís "Reciclándonos.

**Como respondeu a comunidade educativa ante o reto de ser os mellores no eido da reciclaxe?**
Desde o primeiro momento tivemos a axuda de todo o profesorado. Cando cres nun proxecto e vendes esa ilusión ao alumnado, o éxito está garantido. Unha vez feito iso, as familias pronto se unen para formar un equipo gañador.

*"As illas de reciclaxe foron toda unha motivación para clasificar o lixo; e o composteiro foi moi útil para alimentar a nosa pequena horta!"*

**Como valoran os medios que Sogama puxo a disposición dos colexios participantes para materializar o seu labor? Falamos do material didáctico, divulgativo e lúdico de apoio e dos soportes materiais (illas de reciclaxe e bolsas de recollida selectiva).**
Quedamos encantados polo bo facer de Sogama! O xogo xigante dos residuos de Sogama foi moi popular entre os maiores e as illas de reciclaxe, toda unha novidade motivadora para que o noso alumnado clasificara o lixo correctamente. O composteiro tamén foi moi útil para alimentar a nosa pequena horta escolar!

**Como foi a comunicación e relación coa empresa?**
A verdade é que quedamos moi contentos por toda a axuda que se nos prestou dende Sogama. A responsable de Comunicación de Sogama, Mª Esther Campos Mosquera, sempre estivo pendente de todo. Calquera dúbida foi resolta con celeridade. Ademais é unha persoa que participa activamente no grupo de "Recíclate con Sogama" en REDEIRAS, a plataforma para mestres que queren compartir as súas ideas e actividades. Dá gusto ver comentarios positivos e motivadores ás intervencións dun! Tamén destacamos a eficiencia e traballo da técnico, Mayra Moure, que controlaba no centro a boa marcha clasificación de lixo e resolvíar as preguntas que nos ían xurdindo.

**"Recíclate con Sogama" adentrouse este curso académico na educación secundaria, acollendo a un total de 13 centros. Que consellos lles daría a todos eles?**
Hai dous conselliños que para min son a clave do éxito. Ter todo ben documentado, tomando fotos ou vídeos de todas as actividades. Pero quizais, o mellor consello que lles podo dar é que traballen con ilusión e que crean no que están a facer porque isto contaxiará ao alumnado. Un estudante motivado empeza por un mestre motivado.

SUBIR

**Editorial**
Luís Lamas Novo
Presidente de Sogama

**Mundo Sogama**
Galicia xera menos refugallos

**Actualidade**
Xornada sobre ecodeseño na Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Concurso "A miña mellor foto ambiental do verán 2014"

Curso online para a Policía Local e Autonómica

Visitas dos concellos adheridos á campaña de reciclaxe

Colaboración XXIII FIOT de Carballo

Trece institutos adscritos ao programa "Recíclate con Sogama"

Máis de 250 centros participan en "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Medio milleiro de novos composteiros

En marcha a campaña "Aprovéitate do que che sobra"

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Mundo SOGAMA



Camión depositando lixo en masa no complexo de Cerceda

## A redución de residuos urbanos afiánzase en Galicia

**A entrada de lixo en masa no complexo industrial de Cerceda minorouse case un 10 por cento desde 2008. A día de hoxe practicamente se alcanzou un dos principais retos do plan autonómico de xestión de residuos urbanos 2010-2020, que é precisamente a redución da produción de lixo na mesma porcentaxe.**

A menor xeración de refugallos municipais en Galicia é unha realidade constatada na infraestrutura industrial de Sogama. Se nos oito primeiros meses de 2012, as entradas de lixo en masa nas súas instalacións de Cerceda (A Coruña) ascendían a 546.963,49 toneladas, no mesmo intervalo de 2013, a cantidade baixou ás 528.981,69; e en 2014, a redución foi de 524.794,86 toneladas.

En porcentaxes, a entrada de lixo en Sogama foi dun 0,79 por cento con respecto a 2013. Se a comparativa se fai extensiva ao 2012, a baixada supón o 4,05 por cento e co ano 2008 como referencia, estariamos a falar de preto dun 10 por cento.

Hai que recordar que un dos principais retos do plan autonómico de xestión de residuos urbanos 2010-2020 é precisamente a redución da produción de lixo nun 10 por cento en toda Galicia, obxectivo practicamente alcanzado a día de hoxe. De aquí en adiante, os esforzos da Administración irán dirixidos a disociar a produción de desperdicios do crecemento económico, invitando aos cidadáns a manter no tempo hábitos e comportamentos aos que, en certa forma, obrigou a crise.

### Máis reciclado

Así mesmo, o incremento da reutilización e do reciclado constitúe outro dos grandes retos contemplados no plan e aos que se enfronta Galicia. Neste sentido, a pretensión é pasar do actual 12 por cento ao 30 por cento no horizonte do 2020.

A Xunta de Galicia é consciente de que os labores de información, formación e concienciación da cidadanía son unha ferramenta clave na consecución deste obxectivo e nesta liña mantén abertas diferentes campañas divulgativas e educativas, como "Separemos ben, reciclaremos mellor".

A compostaxe doméstica tamén se erixe como unha magnífica fórmula coa que minorar a produción de lixo. De feito, Sogama xa repartiu da orde de 3.800 composteiros entre outros tantos fogares das catro provincias.

SUBIR

**Editorial**
Luís Lamas Novo
Presidente de Sogama

**Entrevistamos a...**
Bernardo Gallego
Ceip Sabarís, colexio ganador do "Recíclate con Sogama 2013-2014"

**Actualidade**
Xornada sobre ecodeseño na Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Concurso "A miña mellor foto ambiental do verán 2014"

Curso online para a Policía Local e Autonómica

Visitas dos concellos adheridos á campaña de reciclaxe

Colaboración XXIII FIOT de Carballo

Trece institutos adscritos ao programa "Recíclate con Sogama"

Máis de 250 centros participan en "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Medio milleiro de novos composteiros

En marcha a campaña "Aprovéitate do que che sobra"

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade


Un momento da firma do convenio de colaboración

## As empresas converten a aplicación do ecodeseño nunha ferramenta competitiva

**"O ecodeseño permitiunos aforrar 16.530 euros anuais en materias primas", asegurou Alberto Cabadas, Director Xerente e Director de Calidade de Aguas de Mondariz durante a súa intervención nunha xornada sobre ecodeseño promovida por Sogama e a Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), e que contou coa colaboración do diario Economía Digital.**

O portavoz de Aguas de Mondariz falou, en xeral, da experiencia práctica da súa compañía aplicando as medidas do seu plan de Responsabilidade Social Empresarial (RSC). Neste sentido, desvelou que hai un antes e un despois da implantación das súas botellas cadradas, toda vez que esta fórmulas supuxo un maior aproveitamento da embalaxe e un elemento diferenciador do produto, converténdose nunha auténtica ferramenta comercial. Outras vantaxes da aplicación do ecodeseño foron o aforro de 190 millóns de litros de auga nos últimos 7 anos, a mellora da xestión de residuos perigosos e de subprodutos, e a redución do consumo de pet e do peso dos tapóns nun 18 por cento, ou da asa nun 43.

### Traballo conxunto

A outra participante da xornada foi María Pérez, técnica de Ecoembes, quen explicou o concepto de ecodeseño, que non é máis que a integración dos aspectos medioambientais no ciclo de vida dun envase. A relatora recordou a actividade que este SIG (sistema integrado de xestión) realiza coas 12.000 empresas adheridas, axudándoas a reducir a xeración de residuos mediante a utilización de envases máis sostibles e reciclables.

En 15 anos, Ecoembes xestionou unha cantidade de envases equivalente á capacidade de 900 campos de fútbol como o Bernabeu. Mediante a implantación de 34.450 medidas de ecodeseño, propiciou un aforro de 444.000 toneladas de materias primas.

SUBIR

Editorial
Luís Lamas Novo
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...
Bernardo Gallego
Ceip Sabarís, colexio ganador do "Recíclate con Sogama 2013-2014"

Mundo Sogama
Galicia xera menos refugallos

Actualidade
Concurso "A miña mellor foto ambiental do verán 2014"

Curso online para a Policía Local e Autonómica

Visitas dos concellos adheridos á campaña de reciclaxe

Colaboración XXIII FIOT de Carballo

Trece institutos adscritos ao programa "Recíclate con Sogama"

Máis de 250 centros participan en "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Medio milleiro de novos composteiros

En marcha a campaña "Aprovéitate do que che sobra"

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade

Foto gañadora da praia de Viñó, en Cangas do Morrazo (Pontevedra)



## Concurso
### "A miña mellor foto ambiental do verán 2014"

Germán Cacheda foi o gañador do sorteo enmarcado no concurso promovido por Sogama "A miña mellor foto ambiental do verán 2014" cunha imaxe da praia de Viñó, en Cangas do Morrazo (Pontevedra). O premiado poderá gozar dun curso de kitesurf para dúas persoas na localidade lucense de Barreiros.

Con esta iniciativa pretendíase espertar a conciencia da poboación en torno á necesidade de preservar o patrimonio natural de Galicia, axudando a descubrir novos paraxes e a apreciar a riqueza paisaxística e ecolóxica da nosa terra.

De feito, a maior parte das instantáneas aportadas correspondían a praias de distintos puntos de Galicia. Non obstante, non todo se centrou na beleza natural da nosa comunidade. Algunhas imaxes enviadas erixíronse en fotos-denuncia, intentando con isto chamar a atención en torno á pouca solidaridade que nalgúns casos as persoas teñen coa súa contorna máis inmediata.

## Policías locais e autonómicos participan nun curso de formación en liña

**Desde mediados de outubro e ata este mes de decembro, policías locais e autonómicos tiveron a oportunidade de participar no curso online "A xestión dos residuos urbanos no modelo Sogama".**

A través desta actividade formativa, os destinatarios puideron coñecer os pormenores do labor desenvolvido pola empresa pública, participada maioritariamente pola Xunta de Galicia. A actuación enmárcase no convenio formalizado en xullo pasado entre o presidente de Sogama, Luís Lamas, e o entón Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, Santiago Villanueva, hoxe Delegado do Goberno en Galicia.

Finalizado o periodo de formación, o curso concluirá cunha visita ao complexo medioambiental de Sogama en Cerceda (A Coruña). Está previsto que esta clase práctica teña lugar a mediados do próximo mes de xaneiro. Durante a mesma, os alumnos serán atendidos por técnicos e educadores, realizando un percorrido guiado polas distintas plantas que conforman esta infraestrutura industrial.

SUBIR

**Editorial**
Luís Lamas Novo
Presidente de Sogama

**Entrevistamos a...**
Bernardo Gallego
Ceip Sabarís, colexio ganador do "Recíclate con Sogama 2013-2014"

**Mundo Sogama**
Galicia xera menos refugallos

**Actualidade**
Xornada sobre ecodeseño na Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Visitas dos concellos adheridos á campaña de reciclaxe

Colaboración XXIII FIOT de Carballo

Trece institutos adscritos ao programa "Recíclate con Sogama"

Máis de 250 centros participan en "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Medio milleiro de novos composteiros

En marcha a campaña "Aprovéitate do que che sobra"

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade



Grupo de veciños de Ramirás (Ourense) nas instalación de Sogama

## Veciños dos concellos adscritos á campaña da reciclaxe visitan o complexo industrial

**Ata mediados de 2015 serán moitos máis os municipios que pasarán a formar parte deste programa específico promovido para dar a coñecer a actividade de Sogama en Cerceda.**

Desde o pasado mes de outubro, o complexo industrial de Cerceda está a recibir as visitas dos concellos adscritos á campaña autonómica "Separemos ben, reciclaremos mellor". Os primeiros en acudir foron os das localidades de Burela (Lugo); O Barco de Valdeorras (Ourense); Santiso (A Coruña); e Pazos de Borbén (Pontevedra).

Ata mediados do próximo ano serán moitos máis os municipios que pasarán a formar parte deste programa específico de visitas, concibido como unha medida complementaria á aula móbil e ás actividades realizadas pola campaña en centros escolares, asociacións e eventos deportivos.

### Coñecendo a planta de clasificación

O obxectivo das visitas é que os veciños coñezan a infraestrutura industrial de Sogama e, máis concretamente, a planta de clasificación, onde se procesan os materiais depositados pola poboación nos contedores amarelos de recollida selectiva.

"Separemos ben, reciclaremos mellor" é unha iniciativa da Consellería de Medio Ambiente e Sogama na que colabora Ecoembes, Ecovidrio e os sistemas integrados de xestión de pilas.

## Sogama colaborou por terceiro ano co FIOT

**A empresa pública achegou diverso material a varias das actividades organizadas no marco do XXIII Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) de Carballo.**

No marco da súa actividade a favor das causas sociais e culturais, Sogama decidiu colaborar, por terceiro ano consecutivo, no Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT). Esta iniciativa cultural arredor das artes escénicas, que xa vai pola 23ª edición, está promovida pola Asociación Telón e Aparte e o Concello de Carballo.

A programación do FIOT céntrase sempre no mes de outubro. Coincidindo co 450 aniversario do nacemento dun dos dramaturgos máis universais, Shakespeare, o Outono de Teatro ofreceu este ano ao espectador unha proposta que camiñou da man dos autores clásicos.

Do 3 de outubro ao 2 de novembro o público puido gozar de 28 espectáculos, 10 estreas, teatro de rúa, monólogos e multitude de actos paralelos como o campamento urbano infantil "O Fiotiño" e o XIV Concurso Escolar de Teatro Lido "Xosé Manuel Eirís". En ambas as dúas actividades participou Sogama achegando diverso material promocional relacionado coa práctica dos 3 erres (reducir, reutilizar e reciclar).




SUBIR

Editorial
Luís Lamas Novo
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...
Bernardo Gallego
Ceip Sabarís, colexio ganador do "Recíclate con Sogama 2013-2014"

Mundo Sogama
Galicia xera menos refugallos

Actualidade
Xornada sobre ecodeseño na Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Concurso "A miña mellor foto ambiental do verán 2014"

Curso online para a Policía Local e Autonómica

Trece institutos adscritos ao programa "Recíclate con Sogama"

Máis de 250 centros participan en "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Medio milleiro de novos composteiros

En marcha a campaña "Aprovéitate do que che sobra"

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade

Cada centro recibiu unha illa de reciclaxe composta por tres contedores de recollida selectiva




## Trece centros escolares de Secundaria adscríbense a "Recíclate con Sogama"

**O programa ten por obxecto o fomento entre os alumnos da reciclaxe, así como dos seus beneficios ambientais, económicos e sociais**

Un total de trece centros de Educación Secundaria (ESO) de distintos puntos de Galicia participan este curso no programa "Recíclate con Sogama", enmarcado no Plan Proxecta da Xunta de Galicia.

O principal obxectivo desta iniciativa é instar ao alumnado e ao profesorado a participar activamente no sistema de recollida selectiva. Deste xeito, contribúese a incrementar as porcentaxes de reciclado en Galicia e, polo tanto, os seus beneficios ambientais, económicos e sociais.

Con tal fin, proporcionouse a cada centro unha illa de reciclaxe, formada por tres contedores de 120 litros de capacidade (amarelo, para os envases de plástico, latas e briks; azul, para os de cartón e papel; e verde convencional, para a fracción resto). Desta forma, nos centros teñen a oportunidade de separar os residuos producidos e depositalos nos recipientes axeitados. Así mesmo, os que dispoñen de servizo de comedor contan cun composteiro.

A información e a formación son claves para o bo desenvolvemento do proxecto. Neste sentido, Sogama, co apoio da Consellería de Medio Ambiente, utiliza diversos recursos didácticos e divulgativos cos que nutrir os coñecementos dos usuarios finais.

### Os centros

Os centros adscritos ao programa de Sogama pertencen ás catro provincias galegas. Pola de Pontevedra, tres de Vigo, un de Vilagarcía de Arousa, un de Pazos de Borbén, un de Cuntis e outro de O Grove; pola de Ourense, un de Ourense cidade; pola provincia da Coruña, un de Boiro e outro de Camariñas, e pola de Lugo, un da propia localidade, un de Quiroga e outro de Sarria.

SUBIR

**Editorial**
Luís Lamas Novo
Presidente de Sogama

**Entrevistamos a...**
Bernardo Gallego
Ceip Sabarís, colexio ganador do "Recíclate con Sogama 2013-2014"

**Mundo Sogama**
Galicia xera menos refugallos

**Actualidade**
Xornada sobre ecodeseño na Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Concurso "A miña mellor foto ambiental do verán 2014"

Curso online para a Policía Local e Autonómica

Visitas dos concellos adheridos á campaña de reciclaxe

Colaboración XXIII FIOT de Carballo

Máis de 250 centros participan en "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Medio milleiro de novos composteiros

En marcha a campaña "Aprovéitate do que che sobra"

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade




VÉÓÉÔÁ dÁ Ãa Í ÐÁđÁ Á uÎ ÃoÌÅØÉÏ participante

## Máis de 250 centros escolares participan na campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor"

### A campaña de reciclaxe estase levando a cabo en diferentes colexios das catro provincias galegas desde outubro pasado

Máis de 250 centros escolares de Primaria, Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional adscribíronse á terceira edición da campaña autonómica "Separemos ben, reciclaremos mellor". Esta iniciativa educativa está promovida pola Consellería de Medio Ambiente e Sogama, co apoio de Ecoembes, Ecovidrio e os sistemas integrados de xestión de pilas (Ecopilas, Ecolec e ERP).

A campaña arrancou en outubro en 20 colexios repartidos polas catro provincias e prevese dar resposta a todas as solicitudes ao longo do presente curso académico.

**O procedemento**

Grupos de educadores desprázanse aos centros para impartir charlas informativas. Estas están a ser adaptadas aos distintos niveis educativos e compleméntanse con recursos de apoio tales como presentacións en power point, emisión de vídeos, unidades didácticas, pasatempos e xogos.

Nas charlas trabállase intensamente nos tipos de material a depositar en cada un dos contedores de recollida selectiva. Tamén se abordan as vantaxes ambientais, económicas e sociais da compostaxe doméstica, implantada por Sogama en máis de cen entidades, incluídos moitos centros educativos con servizo de comedor escolar. Estes contan con composteiros cedidos pola empresa pública nos que fabrican o seu propio abono natural, que empregan logo nos seus xardín e hortas.

Os alumnos que participan nas distintas actividades son obsequiados con diverso material divulgativo e merchandising.

SUBIR

**Editorial**
Luís Lamas Novo
Presidente de Sogama

**Entrevistamos a...**
Bernardo Gallego
Ceip Sabarís, colexio ganador do "Recíclate con Sogama 2013-2014"

**Mundo Sogama**
Galicia xera menos refugallos

**Actualidade**
Xornada sobre ecodeseño na Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Concurso "A miña mellor foto ambiental do verán 2014"

Curso online para a Policía Local e Autonómica

Visitas dos concellos adheridos á campaña de reciclaxe

Colaboración XXIII FIOT de Carballo

Trece institutos adscritos ao programa "Recíclate con Sogama"

Medio milleiro de novos composteiros

En marcha a campaña "Aprovéitate do que che sobra"

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade

## Sogama reparte medio milleiro de novos composteiros

**A entidade decidiu aumentar o seu número debido ao éxito alcanzado polo seu programa de compostaxe doméstica**

A iniciativa de compostaxe doméstica de Sogama xorde en 2010 e, na actualidade, están adscritas a ela 137 entidades. Entre concellos, centros escolares e colectivos sociais distribuíronse máis de 3.800 composteiros.

A entidade repartiu o mes pasado un total de medio milleiro de novos composteiros. Os últimos en incorporarse foron os concellos de Cee, Ponteceso, San Sadurniño e Cabanas (A Coruña), Castro de Rei (Lugo), a Universidade de Santiago de Compostela, o Centro de Formación e Experimentación Agroforesta de Lourizán (Pontevedra), a Asociación Veciñal Ribasaltas de Monforte de Lemos e varios colexios de toda Galicia.

Sogama non se limita a repartir os recipientes, senón que se encarga da formación, dotación de material divulgativo e da análise do compost resultante. Deste xeito, garántese a súa idoneidade para ser aplicado nas hortas ou xardíns.




Co mesmo fin, os concellos contan con "mestres composteiros", que se encargan de realizar un seguimento da iniciativa a través de visitas aos fogares participantes. O seu labor é corrixir erros e solventar posibles dúbidas.

**Compostaxe en Ourense**

No mes de outubro arrancou o programa de compostaxe doméstica que puxo en marcha a Deputación de Ourense, coa colaboración de Sogama. Na iniciativa participan 20 concellos e dotaranse de composteiros a uns 265 fogares.

A Deputación planificou as diversas actuacións e asumiu igualmente a coordinación, polo que é a encargada de distribuír todo o material aportado por Sogama.

SUBIR

Editorial
Luís Lamas Novo
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...
Bernardo Gallego
Ceip Sabarís, colexio ganador do "Recíclate con Sogama 2013-2014"

Mundo Sogama
Galicia xera menos refugallos

Actualidade
Xornada sobre ecodeseño na Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Concurso "A miña mellor foto ambiental do verán 2014"

Curso online para a Policía Local e Autonómica

Visitas dos concellos adheridos á campaña de reciclaxe

Colaboración XXIII FIOT de Carballo

Trece institutos adscritos ao programa "Recíclate con Sogama"

Máis de 250 centros participan en "Separemos ben, reciclaremos mellor"

En marcha a campaña "Aprovéitate do que che sobra"

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade




## A campaña "Aprovéitate do que che sobra" fomenta a redución de desperdicios de alimentos nos fogares

### A iniciativa enmárcase na oitava edición da serie educativa "Ti es a peza que falta" levada a cabo por Sogama

A campaña "Aprovéitate do que che sobra", promovida pola Consellería de Medio Ambiente e por Sogama, foi posta en marcha no mes de novembro pasado, coincidindo coa Semana Europea da Prevención de Residuos.

A través do sitio web desta iniciativa, e en sintonía coa estratexia "Máis alimento, menos desperdicio" do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, proporciónanse diversos consellos e recomendacións para contribuír á redución de refugallos.

Neste sentido, calcúlase que no noso país cada persoa desperdicia máis de medio quilo de alimentos á semana. Isto tradúcese en 1,5 millóns de toneladas de alimentos que serían válidos para o consumo. Máis aló do impacto social, esta circunstancia ten un serio impacto no medio ambiente mediante a xeración de 170 millóns de toneladas de $CO_2$ ao ano, e na economía, supoñendo unhas perdas para cada español de aproximadamente 250 euros anuais.

**Concurso**

Co obxectivo de fomentar a participación dos cidadáns na iniciativa, estes son convidados a enviarlle a Sogama a súa mellor receita elaborada a partir de sobras de comida. Os autores teñen que remitir as súas propostas cunha descrición detallada dos ingredientes empregados no prato, a explicación da elaboración do mesmo e unha fotografía do resultado final.

O galardón recaerá na receita máis orixinal e innovadora e, especialmente, que destaque polo uso da maior porcentaxe de ingredientes procedentes de sobras de alimentos. O premio é unha fin de semana na Mariña lucense para dúas persoas, incluíndo hotel con almorzo, xantar e cea, así como dous días de clases de surf e kitesurf.

O período de participación xa está aberto e remata o vindeiro luns 22 de decembro. As bases poden descargarse na web da campaña.

Hai que recordar que Sogama editou un receitario con sobras de comida chamado Para repañar o prato que os interesados en participar no concurso poden tomar como inspiración, e que tamén se pode descargar desde a web corporativa.

SUBIR

Editorial
Luís Lamas Novo
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...
Bernardo Gallego
Ceip Sabarís, colexio ganador do "Recíclate con Sogama 2013-2014"

Mundo Sogama
Galicia xera menos refugallos

Actualidade
Xornada sobre ecodeseño na Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Concurso "A miña mellor foto ambiental do verán 2014"

Curso online para a Policía Local e Autonómica

Visitas dos concellos adheridos á campaña de reciclaxe

Colaboración XXIII FIOT de Carballo

Trece institutos adscritos ao programa "Recíclate con Sogama"

Máis de 250 centros participan en "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Medio milleiro de novos composteiros

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Multimedia



## Planeta Verde (12º capítulo): Fai un xoguete de papel!

Non para de chover e non podes ir xogar á rúa... Pero estar na casa non ten que ser aburrido! Os nosos amigos galácticos propóñenche facer xoguetes de papel. Só precisas un xornal vello e un chisco de imaxinación. Que che parecen as súas ideas?

Ver vídeo...




## Xogos en liña sobre residuos

Sogama edita tres xogos en liña para escolares de Infantil, Primaria e Secundaria co fin de continuar co seu labor de educación ambiental

Os tres xogos, en castelán e galego, están protagonizados polos heroes de Sogama (Rita, Román e Roque), que se asocian ao principio comunitario dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe).

Os xogos, que funcionan tanto en ordenadores fixos e portátiles como en dispositivos táctiles, foron deseñados segundo a idade dos escolares. Para os de Infantil, o "xogo de asociar" pretende que os pequenos identifiquen os tipos de residuos cos contedores de destino. Para os de Primaria, o "xogo de secuencias" posibilita que interioricen o circuito que os refugallos percorren ata a planta de reciclaxe. Finalmente, para os de Secundaria, Sogama deseñou un "xogo de toma de decisións" a fin de promover a reflexión dos mozos e mozas ao redor dos hábitos de consumo e as consecuencias das súas accións.

**A xogar!**

Xogo de asociar

Xogo de secuencias

Xogo de toma de decisións

SUBIR

Editorial
Luís Lamas Novo
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...
Bernardo Gallego
Ceip Sabarís, colexio ganador do "Recíclate con Sogama 2013-2014"

Mundo Sogama
Galicia xera menos refugallos

Actualidade
Xornada sobre ecodeseño na Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Concurso "A miña mellor foto ambiental do verán 2014"

Curso online para a Policía Local e Autonómica

Visitas dos concellos adheridos á campaña de reciclaxe

Colaboración XXIII FIOT de Carballo

Trece institutos adscritos ao programa "Recíclate con Sogama"

Máis de 250 centros participan en "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Medio milleiro de novos composteiros

En marcha a campaña "Aprovéitate do que che sobra"

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Multimedia

## "Caderno Verde" na web do CENEAM

**A plataforma educativa de Sogama fíxose un oco entre os recursos recomendados polo Centro Nacional de Educación Ambiental (CENEAM)**

Co apoio da Consellería de Medio Ambiente e o Portal Galego de Educación Botóns, "Caderno verde" incorpora a dimensión ambiental en todas as disciplinas obxecto de estudo durante a etapa académica de Infantil e Primaria.

A plataforma tivo unha acollida excelente nos centros escolares galegos como apoio ao labor diario dos profesores. Estes, á vez que ensinan aos alumnos, tamén os inician na área do medio ambiente, mostrándolles as vantaxes do principio dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe). O obxectivo é axudar na aprendizaxe, ao tempo que se consegue unha maior concienciación en materia ambiental entre os pequenos.




Visita a web Caderno Verde!

## Aínda non te animaches a practicar a compostaxe doméstica?

**Sogama lanza un vídeo divulgativo para explicar como facer compost nos fogares, obter abono de calidade e xerar menos residuos**

Con este novo soporte, informativo e formativo, a entidade pretende dar a coñecer dunha forma amena as vantaxes ambientais, económicas e sociais da fabricación de compost nos fogares. Con esta práctica, tradicional en Galicia, prodúcense menos residuos e péchase en orixe a reciclaxe da materia orgánica.

Sogama xa repartiu máis de 3.800 composteiros entre concellos, centros escolares e colectivos sociais. O alicerce desta iniciativa é a formación, polo que os usuarios poden participar en cursos para saber como obter un abono de calidade. Ademais, representantes dos concellos asumen o rol de mestres composteiros, visitando os seus domicilios para corrixir posibles erros. As familias tamén dispoñen dun manual de apoio que explica os detalles do proceso de compostaxe.




Ver vídeo...

SUBIR

**Editorial**
Luís Lamas Novo
Presidente de Sogama

**Entrevistamos a...**
Bernardo Gallego
Ceip Sabarís, colexio ganador do "Recíclate con Sogama 2013-2014"

**Mundo Sogama**
Galicia xera menos refugallos

**Actualidade**
Xornada sobre ecodeseño na Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Concurso "A miña mellor foto ambiental do verán 2014"

Curso online para a Policía Local e Autonómica

Visitas dos concellos adheridos á campaña de reciclaxe

Colaboración XXIII FIOT de Carballo

Trece institutos adscritos ao programa "Recíclate con Sogama"

Máis de 250 centros participan en "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Medio milleiro de novos composteiros

En marcha a campaña "Aprovéitate do que che sobra"

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Eventos

## Luís Lamas participa nun foro sobre xestión de residuos en Monforte de Lemos



Con motivo dun seminario sobre xestión de residuos promovido pola entidade Eixo Atlántico, celebrado o pasado setembro en Monforte de Lemos (Lugo), o presidente de Sogama, Luís Lamas, fixo un repaso dos principais fitos na historia da empresa pública.

"Logramos incrementar a eficiencia do complexo medioambiental, diminuír o vertido e contribuír a unha maior reciclaxe", afirmou o máximo responsable de Sogama. Lamas detívose no feito de que nos últimos anos se reduciu nun 50 por cento a cantidade de refugallos depositados en vertedoiro.

No referente á evolución dos orzamentos da Sociedade, explicou que estes sempre evidenciaron notables diferenzas entre o estimado e os resultados reais debido ás particularidades do sector enerxético. Por este motivo mostrou a súa sorpresa ante as críticas recibidas, pois no 2013 lográronse unhas perdas moito menores ás previstas, grazas ao plan de acción da Dirección da empresa para incrementar os ingresos.

## "Voces dos barrios pobres"

O pasado 6 de outubro conmemorouse o Día Mundial do Hábitat, co que se pretende facer reflexionar sobre o estado das vilas e cidades, así como sobre o dereito a unha vivenda digna.




Cada ano a temática deste día é diferente, sempre promovendo o desenvolvemento sostible e un maior benestar para a poboación. Nesta ocasión elixiuse "Voces dos barrios pobres", un tema que fixa a atención nas persoas que viven en asentamentos informais.

Así, o obxectivo deste ano era dar a coñecer as lamentables condicións de vida nalgunhas zonas do planeta. Os datos son desalentadores, pois 1,6 mil millóns de persoas viven en vivendas sen instalacións de saneamento e sen seguridade. Ademais, estímase que a cifra de persoas en infravivendas medrará ata os 2 mil millóns en 2030.

SUBIR

Editorial
Luís Lamas Novo
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...
Bernardo Gallego
Ceip Sabarís, colexio ganador do "Recíclate con Sogama 2013-2014"

Mundo Sogama
Galicia xera menos refugallos

Actualidade
Xornada sobre ecodeseño na Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)
Concurso "A miña mellor foto ambiental do verán 2014"
Curso online para a Policía Local e Autonómica
Visitas dos concellos adheridos á campaña de reciclaxe
Colaboración XXIII FIOT de Carballo
Trece institutos adscritos ao programa "Recíclate con Sogama"
Máis de 250 centros participan en "Separemos ben, reciclaremos mellor"
Medio milleiro de novos composteiros
En marcha a campaña "Aprovéitate do que che sobra"

Multimedia

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Eventos




## Día Internacional da Erradicación da Pobreza

"Non deixar a ninguén atrás: pensar, decidir e actuar xuntos contra a pobreza extrema". Este foi o lema elixido para conmemorar, o pasado 17 de outubro, o Día Internacional da Erradicación da Pobreza.

Con esta xornada recoñécese o esforzo e a loita das persoas que viven na pobreza e a indixencia. Tamén é unha ocasión para visibilizar os problemas destas persoas e, así, sensibilizar á sociedade.

O reto, implícito no eslogan deste ano, é asegurar a participación dos pobres en exclusión social na "Axenda para o Desenvolvemento despois de 2015". Esta substituirá aos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, que conseguiron reducir a máis da metade as persoas con ingresos inferiores a 1,25 dólares.

Na actualidade, e a pesar dese avance, un total de 1.200 millóns de habitantes continúan en situación de extrema pobreza. A proposta dos expertos é establecer unha alianza global para transformar as economías a través do desenvolvemento sostible, pretendendo erradicar a pobreza extrema en 2030.



## Unha xornada para comprometerse coa natureza

O pasado 18 de outubro conmemorouse o Día Mundial da Protección da Natureza. Esta data é unha chamada de atención á cidadanía para promover o seu compromiso coa preservación da contorna.

Coa celebración desta xornada preténdese apelar á responsabilidade cara á protección dos espazos naturais con valores singulares a nivel de paisaxe, fauna ou vexetación, ameazados pola acción do home.

Por este motivo, e aproveitando esta efeméride, convén lembrar a importancia de facer un uso racional dos recursos, modificar os nosos hábitos de vida e xestionar correctamente os nosos residuos.

Precisamente a correcta xestión do lixo é un dos principais desafíos ambientais aos que facer fronte. Isto esixe un grande esforzo, tratando de reducir os desperdicios, reutilizar os produtos e facer unha recollida selectiva para posibilitar a reciclaxe.

SUBIR

Editorial
Luís Lamas Novo
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...
Bernardo Gallego
Ceip Sabarís, colexio ganador do "Recíclate con Sogama 2013-2014"

Mundo Sogama
Galicia xera menos refugallos

Actualidade
Xornada sobre ecodeseño na Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Concurso "A miña mellor foto ambiental do verán 2014"

Curso online para a Policía Local e Autonómica

Visitas dos concellos adheridos á campaña de reciclaxe

Colaboración XXIII FIOT de Carballo

Trece institutos adscritos ao programa "Recíclate con Sogama"

Máis de 250 centros participan en "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Medio milleiro de novos composteiros

En marcha a campaña "Aprovéitate do que che sobra"

Multimedia

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Eventos

## XXI Festival Internacional de Cine do Medio Ambiente

O XXI Festival Internacional de Cine do Medio Ambiente (FICMA) celebrouse en Barcelona do 6 ao 13 de novembro. O obxectivo do evento, coma en todas as edicións, é educar e sensibilizar en materia ambiental a través do audiovisual.

As diversas pezas proxectadas no FICMA abordan distintas temáticas, como a ecoloxía, a cultura, a economía, os procesos migratorios, as guerras, a talla indiscriminada de bosques ou diversas cuestións sociais.

Desde 1993, o festival é unha cita ineludible para os amantes do medio ambiente e da sétima arte. A súa proxección é tal que, no ano 2000, recibiu o Princes Award, Premio da Comunidade Europea, outorgado pola Axencia Europea do Medio Ambiente e a Fundación Princes Award.

## "Xaque nas aulas" nas escolas lucences



O xadrez pode utilizarse a protexer o medio ambiente

O programa educativo "Xaque nas aulas", co que colabora Sogama, desprazouse o mes pasado a máis colexios lugueses. Logo de pasar polo CEIP Manuel Mallo Mallo e o CEIP Sagrado Corazón, foron os alumnos do CEIP Illa Verde e do CEIP Paradai quen se iniciaron na práctica do xadrez.

Os técnicos da Asociación Cultural Xaquedrum e da Escola Luguesa de Xadrez achegaron aos nenos a práctica do xadrez. Esta é unha disciplina con múltiples beneficios, pois contribúe ao desenvolvemento madurativo ao tempo que estimula a memoria, a capacidade de concentración e a creatividade.

Sogama colabora nesta iniciativa co obxectivo de vincular o xadrez coa protección do medio natural. De feito, nas distintas xornadas os alumnos abordaron cuestións coma o principio dos tres erres: redución, reutilización e reciclaxe. Ao remate das sesións, a empresa pública entregoulles diverso material didáctico para complementar a súa formación ambiental.

Tras as vindeiras vacacións de Nadal, "Xaque nas aulas" chegará ao CEIP Anexa os días 14, 21 e 28 de xaneiro para continuar mostrando o xadrez como unha útil ferramenta didáctica a favor do medio ambiente.

SUBIR

Editorial
Luís Lamas Novo
Presidente de Sogama

Entrevistamos a...
Bernardo Gallego
Ceip Sabarís, colexio ganador do "Recíclate con Sogama 2013-2014"

Mundo Sogama
Galicia xera menos refugallos

Actualidade
Xornada sobre ecodeseño na Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Concurso "A miña mellor foto ambiental do verán 2014"

Curso online para a Policía Local e Autonómica

Visitas dos concellos adheridos á campaña de reciclaxe

Colaboración XXIII FIOT de Carballo

Trece institutos adscritos ao programa "Recíclate con Sogama"

Máis de 250 centros participan en "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Medio milleiro de novos composteiros

En marcha a campaña "Aprovéitate do que che sobra"

Multimedia

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Receitario

*ENTRANTE*

## Ñoquis de pataca con tenreira

Nivel de dificultade: 1 **2** 3

Nº pax: 4



**CANTIDADES E INGREDIENTES:**

- 400 gr. **Xarrete de tenreira estofado en salsa cortado en dados ou esmiuzado.**
- 1 Qg. Patacas enteiras con pel.
- 150-200 gr. Fariña.
- 1 unid. Ovo.
- 50 gr. Queixo parmesano relado ou cortado en tiras.
- c/s Sal e noz moscada.

*c/s: cantidade suficiente*

**ELABORACIÓN:**

- Cocer as patacas con pel en auga salgada ata que estean brandas (servirían unhas patacas cocidas de antemán se están ben escoadas). Escoar, deixar arrefriar, pelar e pasar polo pasapuré.
- Nun recipiente mesturar o puré de pataca, o ovo, un pouco de sal e a noz moscada.
- Á mestura anterior, engadir a fariña que lle faga falla, de pouco en pouco, sen cargar moito a masa para que non queden moi duros.
- Coa masa faremos unha especie de croquetas moi pequenas pasadas por un pouco de fariña.
- Cocer en agua salgada ata que suban á superficie ou floten. Reservar en quente.
- Ferver o xarrete co seu mollo e reservar.

**PRESENTACIÓN:**

- Nun prato fondo colocar uns ñoquis e engadir o xarrete fervido co mollo do guiso.
- Decorar cunhas tiras de queixo parmesano.

*SE ES MÁIS DE PEIXE...*

## Sardiñas en escabeche morno con pataca ao vapor

Nivel de dificultade: **1** 2 3

Nº pax: 4



**CANTIDADES E INGREDIENTES:**

**Para as albóndegas:**

- 0,8-1 Qg. **Sardiñas**.
- 0,1 Qg. Cenoria.
- 0,1 Qg. Cebola.
- 7 und. Dentes de allo.
- 4 und. Follas de loureiro.
- 2 und. Ramiñas de romeu.
- c/s. Ourego.
- c/s. Tomiño.
- c/s. Pementa negra en grao.
- 1 cullarada. Pementón doce.
- 150 ml. Aceite de oliva.
- 150 ml.Viño branco.
- 150 ml.Vinagre de mazá.
- c/s. Sal.
- 0,6 Qg. Patacas.

*c/s: cantidade suficiente*

**ELABORACIÓN:**

**Para as albóndegas:**

- Pór nunha fonte de cristal as sardiñas ou outra clase de peixe que teñamos xa fritido.
- Nunha tixola quentar aceite e agregar os dentes de allo machucados, as follas de loureiro, o romeu, o ourego, o tomiño, a pementa negra en gran e dourar todo lixeiramente. Baixar o lume e refogar a cenoria e a cebola previamente cortada en tiras. Agregar o pemento doce e mesturar. Botar o viño branco e deixar ferver entre 3-5 minutos. Incorporar o vinagre e o sal. Ferver un pouco.
- Botar o escabeche sobre as sardiñas e deixar arrefriar.
- Cocer unhas patacas e, cando arrefríen, botalas tamén no escabeche.
- Deixar na neveira 24 horas como mínimo.

**PRESENTACIÓN:**

- Antes de presentalo, quentar todo para que esté morno.

*SE PREFIRES CARNE...*

## Cordón *Bleu* de redondo asado con pataca

Nivel de dificultade: **1** 2 3

Nº pax: 4



**CANTIDADES E INGREDIENTES:**

- 8 und. **Filetes de redondo asado.**
- 4 und. Lascas de xamón serrano.
- 4 und. Lascas de queixo.
- 4 und. Patacas.
- c/s Fariña, ovo batido, pan relado e aceite para fritir.

*c/s: cantidade suficiente*

**ELABORACIÓN:**

- Pór enriba dun filete fino de redondo de tenreira unha lasca de xamón e outra de queixo. Unir ambos filetes con escarbadentes para que non se desfagan.
- Pasar os filetes por fariña, ovo e pan relado. Fritir co aceite e cando estean dourados sacar e colocar nunha bandexa con papel absorbente para retirar o aceite sobrante.

**Para a gornición:**

- Cortar finamente as patacas e fritilas estilo chip.

**ACABADO E PRESENTACIÓN:**

- Facer unha cama coas patacas. Sacar os escarbadentes aos Cordon Bleu e cortalos sesgados, poñéndoos de pé enriba das patacas.
- Pódese adornar cun pouco de ketchup.

*SOBREMESA*

## *Brownie* de froitas doces

Nivel de dificultade: **1** 2 3

Nº pax: 6-8



**CANTIDADES E INGREDIENTES:**

- 290 gr. Ovos.
- 380 gr. Azucre.
- 360 gr. Manteiga.
- 225 gr. Chocolate para fundir.
- 180 gr. Fariña especial repostaría.
- 300 gr. **Amorodos, pexegos, piña, plátano, froitos secos, etc…**

*c/s: cantidade suficiente*

**ELABORACIÓN:**

**Para as quesadillas:**

- Abrandar a manteiga e engadir o chocolate fundido.
- Nun recipiente aparte, bater os ovos co azucre ata que triplique o seu volume e xuntar coa mestura anterior.
- Agregar a fariña tamizada e os amorodos picados ou calquera outra froita das mencionadas.
- Verter nunha placa cun grosor de 1 cm. e cocer a 200ºC durante 10 min.

**PRESENTACIÓN:**

- O biscoito debe quedar un pouco cru polo medio para que estea substancioso.


**Editorial**
Luís Lamas Novo
Presidente de Sogama

**Entrevistamos a...**
Bernardo Gallego
Ceip Sabarís, colexio ganador do "Reciclate con Sogama 2013-2014"

**Mundo Sogama**
Galicia xera menos refugallos

**Actualidade**
Xornada sobre ecodeseño na Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)
Concurso "A miña mellor foto ambiental do verán 2014"
Curso online para a Policía Local e Autonómica
Visitas dos concellos adheridos á campaña de reciclaxe
Colaboración XXIII FIOT de Carballo
Trece institutos adscritos ao programa "Recíclate con Sogama"
Máis de 250 centros participan en "Separemos ben, reciclaremos mellor"
Medio milleiro de novos composteiros
En marcha a campaña "Aprovéitate do que che sobra"

**Multimedia**

**Eventos**


Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es